

REGULAMENTO MUNICIPAL DOS MERCADOS DE ABASTOS
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Mercados de Abastos do Concello de Pontevedra carecen dunha regulamentación municipal específica na que se determine a súa organización e funcionamento, polo que ven sendo aplicada directamente a lexislación sectorial, estatal e autonómica, ademais dunhas normas de xestión incluídas na ordenanza fiscal reguladora de taxas por prestación dos servizos de mercados.

A reforma e acondicionamento do mercado municipal da Avenida de Bos Aires, co próximo retorno dos concesionarios a estas novas instalacións, aconsella aprobar un Regulamento municipal no que se estableza, polo miúdo, o réxime xurídico de tódolos mercados municipais así como a organización e funcionamento destes servizos, o que deberá ser complementado coa modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de mercados para a explotación dos postos de venda e instalacións polos concesionarios.

Xustificada a conveniencia e a oportunidade de exercer as potestades municipais de autoorganización e regulamentaria, mediante a aprobación dun Regulamento Municipal, este tamén establece unhas normas transitorias coa finalidade de garantir o retorno, con certa estabilidade, dos actuais concesionarios recoñecéndolle o dereito a optar pola transformación da actual concesión provisional nunha concesión definitiva, previo pago anticipado da taxa establecida para o financiamento da inversión realizada no mercado da Avenida de Bos Aires.

Elaborado o borrador de Regulamento, consultouse co Administrador dos mercados e coa Asociación de usuarios do Mercado da Avenida de Bos Aires, sen prexuízo das suxestións que poidan presentar no trámite de información pública e audiencia dos interesados.

En consecuencia, o Concello de Pontevedra en uso das potestades regulamentaria e de autoorganización que ten atribuídas en virtude do artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en exercicio das competencias conferidas polo artigo 25.2.g) e polo artigo 26.1.b) do mesmo corpo legal, que obriga ó Concello a prestar, en todo caso, o servizo de mercado, e, de conformidade co artigo 49 da Lei, apróbase o Regulamento municipal dos mercados de abastos do Concello de Pontevedra.

CAPITULO I.- RÉXIME XURÍDICO

Artigo 1.- FINALIDADE DO REGULAMENTO.

O presente Regulamento ten por obxecto establecer o réxime xurídico da organización, actividade e funcionamento dos Mercados municipais de Abastos, promovidos e construídos polo Concello de Pontevedra para a prestación dos servizos de Mercado de Abastos en exercicio das competencias conferidas ó Concello polos artigos 25-2-g) e 26-1-b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 2. TÍTULO HABILITANTE.

O Concello de Pontevedra ven obrigado a prestar os servicios de Mercado de Abastos con carácter de mínimos (artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril), polo que, en exercicio da súa autonomía garantida constitucionalmente, establece o réxime xurídico do servicio tendo en conta as características da actividade e a súa propia capacidade de xestión (artigo 2.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril), facendo uso das potestades regulamentaria e de autoorganización atribuídas ó Concello no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, como Administración Pública Territorial, mediante a aprobación do Regulamento Municipal dos Servicios de Mercado de Abastos, tramitado de conformidade co procedemento establecido no artigo 49 da devandita Lei 7/1985, de 2 de abril.

Artigo 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1) O presente Regulamento municipal aplicarase ós edificios e instalacións do Concello, situados na Avda. de Bos Aires, Frai Juan de Navarrete (grupos de vivendas nº 41 e 49), Etribela e Pontesampaio, destinados a venda ó por menor de productos alimenticios e derivados para o abastecemento público, así como a explotación doutras actividades comerciais non relacionadas coas alimenticias, das que a superficie a ocupar en cada Mercado non excederá, no seu conxunto, do trinta por cento da que corresponda ó total de postos existentes.

2) Tamén se aplicará este Regulamento ás concesións de postos, ós concesionarios, ós particulares usuarios do servicio e consumidores, á Administración municipal e, se é o caso, ó xestor indirecto do servicio.

Artigo 4. RÉXIME DE EXPLOTACIÓN DOS MERCADOS.

1) As instalacións dos diferentes Mercados municipais e a prestación do servicio nas mesmas, adaptaranse ás determinacións deste Regulamento e á normativa sectorial, estatal e autonómica, sobre comercio, de obrigatoria observancia, en concreto a Lei 7/96, sobre Ordenación de Comercio minorista, a Lei de 20 de xullo de 1998 de Ordenación do Comercio Interior de Galicia, e a regulación específica en materia sanitaria e de control de alimentos e bebidas.

2) As concesións de postos de venta nos mercados municipais axustaranse ás disposicións deste Regulamento, e ó Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, ó Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e ó disposto no título III do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, en canto non se opoña ó Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e ó seu Regulamento xeral.

3) As relacións comerciais entre os concesionarios de

postos de venta e os consumidores e usuarios do servizo rexeranse exclusivamente pola Lei 26/1984, de 19 de xullo, xeral para a defensa dos Consumidores e Usuarios e demais normas de Dereito privado.

Artigo 5.- MODALIDADE DE XESTIÓN DO SERVIZO.

1) Nos mercados municipais prestaranse os servizos de: administración, vixilancia, limpeza, almacenaxe, conservación de mercancías en frigoríficos, e mantemento de tódalas instalacións precisas para asegurar o bo funcionamento da actividade comercial nos postos de venda e no mercado.

2) Os servizos municipais de mercado de abastos xestionaranse de forma directa centralizada polo propio Concello, utilizando directamente ó persoal propio baixo a dirección do Alcalde ou membro da Corporación en quen delegue e con cargo ós créditos orzamentarios ordinarios.

3) A Administración municipal nomeará un Administrador do Servizo de Mercados, integrado na Plantilla de Persoal ou Cadro Laboral, o cal non terá facultades resolutorias.

4) Sen prexuízo da xestión directa do servizo pola Administración municipal establecida neste Regulamento, o Pleno da Corporación poderá acordar en calquera momento, e seguindo o procedemento regulamentario, que os servizos de mercados se presten en calquera outra modalidade de xestión prevista na lexislación vixente, ben sexa xestión directa (art. 85.3 da Lei 7/1985), indirecta (art. 85.4 da Lei 7/85 en relación co artigo 156 do Texto Refundido da Lei de Contratación das Administracións Públicas), consorcio (art. 87 da Lei 7/1985) ou por unha Agrupación ou Asociación de interese económico integrada pola totalidade dos concesionarios de postos do Mercado.

Artigo 6.- CONCESIÓN DE POSTOS.

A ocupación en concreto de cada posto de venda require dunha previa concesión administrativa demanial outorgada segundo o establecido neste Regulamento e no artigo 78 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, na medida en que se adapten á lexislación contractual administrativa de carácter básico.

Artigo 7.- LIBERDADE DE CONCORRENCIA.

A prestación de servizos nos mercados municipais de abastos non exclúe a posibilidade de que os particulares tamén poidan realizar idénticas actividades comerciais ou prestacionais en concorrencia cos servizos dos mercados municipais.

CAPITULO II. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DOS MERCADOS.

Artigo 8.- EDIFICIOS AFECTOS Ó SERVIZO DE MERCADOS.

1) Continúan afectos ó Servizo de Mercado de Abastos os edificios e instalacións, propiedade do Concello, situados na Avda. de Bos AIRES, Rúa Frei Juan de Navarrete, Estribela e Pontesampaio.

2) Os edificios municipais adscrito ó servizo de mercados

contarán con instalacións e locais dotados das condicións técnico-sanitarias mínimas esixidas pola normativa reguladora segundo o tipo de actividade a que se destinen, incluídas cámaras frigoríficas naqueles Mercados que resulten necesarios.

3) A construción, ampliación ou reforma dos actuais mercados municipais será asumida directamente polo Concello, previa aprobación do proxecto técnico de execución que será informado polo órgano competente da Consellería de Sanidade para garantir o cumprimento das condicións técnico-sanitarias esixibles.

Artigo 9.- POSTOS DE VENDA

1) Tódolos postos de venda dos mercados municipais estarán numerados con especificación do seu destino ou actividade autorizada.

2) Os postos, casetas ou bancadas non poderán destinarse ó exercicio e explotación de actividades comerciais distintas de aquelas para as que foron autorizadas. Nembargantes a Administración Municipal facilitará cambios de actividade comercial naqueles postos existentes cando a nova actividade estea pouco representada no mercado, sexa demandada polos consumidores e usuarios, e a mesma resulte compatible coa actividade dos postos próximos.

3) Os concesionarios de postos, casetas ou bancadas terán nun lugar visible á disposición da administración do mercado unha ficha da concesión do posto na que conste, polo menos: o número do posto e nome do concesionario e a actividade comercial autorizada no posto.

4) As autorizacións de cambio de actividade requirirán da autorización do Alcalde previo informe do Administrador do Mercado, oídas as asociacións de usuarios existentes para cada Mercado.

5) No mercado da Avda. de Bos Aires, en principio e como norma xeral, non se outorgarán novas concesións ou autorizacións que conleven un incremento dos postos existentes para a explotación de carnicerías, froiterías e verduras, salvo cando se trate da ampliación de negocios xa existentes ou ocupen o lugar dunha instalación preexistente.

Artigo 10.- ESPACIOS PARA VENDA DIRECTA DE PRODUCTOS.

1) En cada mercado a administración municipal poderá reservar un espazo para a venda directa do produtor ó consumidor ou para outras actividades que a autoridade municipal considere de interese para o bo funcionamento dos Mercados.

2) As autorizacións para a utilización dun espazo para a venda directa do produtor ó consumidor serán persoais e intransferibles sendo a súa duración máxima de catro anos.

3) A ocupación destes postos, de venda directa polo produtor, será autorizada pola Alcaldía, previa solicitude dos interesados, informe do Administrador do Mercado e previa

audiencia da Asociación de Usuarios do Mercado, .

4) Os interesados na venda directa deberán presentar unha solicitude no Rexistro xeral do Concello na que constarán os seguintes datos:

- a) Acreditación da condición de produtor.
- b) Volume de produción do produtor solicitante.
- c) Características dos medios de produción.
- d) Cantidade, variedade e calidade dos produtos ofrecidos para a venda directa.
- e) Prezos máximos dos produtos na venda directa ó consumidor.
- f) Prazo para o que se solicita a autorización.

Artigo 11.- LONXA DE PESCADOS FRESCOS.

1) No mercado municipal de abastos da Avda. de Bos Aires disporase dunha área de Lonxa, con locais anexos ó servizo, para a venda de pescado fresco que constituirá un núcleo funcional, fechado e autónomo do resto do edificio, que non interferirá no normal desenvolvemento da actividade comercial do Mercado.

2) A actividade de venda de pescado fresco na lonxa axustarase á normativa específica e instrucións técnico-sanitarias da Consellería de Pesca da Comunidade Autónoma Galega e ó disposto no Capítulo XII deste Regulamento.

Artigo 12.- ESPACIOS COMÚNS

1) Os espazos e superficies de utilización común ou xeral dentro do recinto de cada mercado municipal atoparanse expeditos ó tránsito e facilitarán unha axeitada comunicación das diferentes zonas comerciais.

2) Os espazos comúns manteranse limpos e en perfectas condicións de uso, dende a apertura do mercado ata o seu peche.

3) Os concesionarios de postos limparán os corredores adxacentes unha vez rematada a xornada, quedando prohibido o baldeo nas horas de atención ó público.

Artigo 13.- CONTENEDORES DE DESPERDICIOS

1) O Concello, a través da empresa concesionaria, situará contenedores xerais para o depósito de mercancías en cada mercado en zonas especialmente habilitadas para esta finalidade.

2) Os concesionarios deberán verter os desperdicios procedentes dos seus postos de venda nos contenedores xerais, utilizando contenedores particulares, caldeiros ou outro medio axeitado.

3) Os concesionarios de cada posto deberán efectuar o vertido no contenedor xeral exclusivamente entre as 13 e as 14,30 horas en xornada de mañá, e desde ás 20 horas ás 21 horas en xornada de tarde.

Artigo 14.- BÁSCULA DE REPESO.

1) Nos mercados municipais de abastos instalarase unha báscula de repeso para que os consumidores e usuarios poidan

en todo momento efectuar as comprobacións de peso dos artigos adquiridos.

2) En caso de reclamacións por estimar falta no peso, o comprador, sen abandonar o posto onde adquira o produto, interesará a presenza do Administrador ou Vixiante de servizo, que seguidamente efectuará o repeso do artigo en cuestión, e, de constatare a anomalía, o Administrador do Mercado porá os feitos en coñecemento da Alcaldía e do presunto infractor para a incoación do correspondente procedemento sancionador.

3) A báscula de repeso situarase nun lugar visible cun cartel indicativo no que se lerá: "Báscula de repeso a disposición do público".

Artigo 15.- LIBRO DE RECLAMACIÓNS.

En cada mercado municipal de abastos existirá, a disposición dos usuarios, un libro de reclamacións e suxestións, debidamente foliado, numerado e selado co selo do Concello. A estes efectos no taboleiro de anuncios colocarse o seguinte texto: "Neste mercado existe un libro de reclamacións a disposición do público; para a súa utilización dirixirse ó Sr. Administrador ou Vixiantes do mercado". O Administrador adoptará, se é o caso, as medidas procedentes, dando conta á Alcaldía.

Artigo 16.- TABOLEIRO DE ANUNCIOS.

En cada mercado municipal de abastos haberá, a vista do público, un taboleiro de anuncios no que se exporán cantas disposicións sexan de interese tanto para os comerciantes minoristas concesionarios, como para o público en xeral.

Artigo 17.- PROHIBICIÓN DE PUBLICIDADE.

Nos mercados municipais de abastos non se admitirá ningún uso de publicidade comercial que non sexa o propio nome do titular de cada posto, quedando prohibido o uso individual de altavoces, aparatos de megafonía, reparto de impresos, voceo e calquera outro medio sonoro para ofrecemento das mercadorías ou produtos, sen prexuízo daquela publicidade colectiva que promovan as Asociacións de Usuarios, previa conformidade da Administración municipal.

CAPÍTULO III.- INSPECCIÓN SANITARIA.

Artigo 18.- COMPETENCIAS.

1) A inspección sanitaria dos mercados municipais de abastos corresponde á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e exercerase polos veterinarios que aquela adscriba ó Servicio de Inspección de Mercados Municipais, sen prexuízo das competencias propias da Consellería de Pesca en relación coa lonxa de pescados frescos do mercado municipal da Avda. de Buenos Aires.

2) O Administrador de mercados ten a obriga de prestar a colaboración necesaria, pondo en coñecemento da inspección sanitaria as deficiencias de orde hixiénico-sanitario que se produzan.

Artigo 19.- FUNCIONES.

1) Correspóndenlle á Inspección Sanitaria cantas comprobacións, exames e demais actuacións sexan necesarias para comprobar o axeitado estado hixiénico-sanitario dos produtos que se venderán nos mercados municipais de conformidade coa súa propia normativa aplicable neste eido.

2) Os Veterinarios inspectores advertirán ó Administrador do Mercado e, de estimalo conveniente, á Alcaldía, das posibles deficiencias na limpeza do mercado, na desinfección, desinsectación e desratización das súas dependencias, na conservación, manexo e venda de produtos alimenticios, nas condicións hixienico-sanitarias dos postos, instalación de cámaras frigoríficas, así como nos vehículos que transporten as mercancías.

3) A inspección veterinaria adoptará ou, se é o caso, propondrá cantas medidas estime de interese para garantir ós consumidores e usuarios das dependencias do mercado a seguridade sanitaria dos produtos alimenticios.

4) A venda de marisco e peixe frescos na Lonxa do mercado axustaranse ás prescricións técnicas da Consellería de Pesca, sen prexuízo das atribucións da inspección veterinaria da Consellería de Sanidade.

5) Os titulares dos postos e os seus colaboradores deberán estar en posesión do correspondente carné de manipulador de alimentos, que lles poderá ser requirido pola inspección sanitaria e pola Administración do Mercado.

CAPITULO IV. POSTOS DE VENDA

Artigo 20.- DESTINO E CONDICIONES.

1) Os postos, casetas ou bancadas dos mercados municipais non poderán ser destinados ó exercicio e explotación de actividades distintas daquela para a que foron autorizados.

2) As mercancías e produtos permanecerán no recinto de cada posto e a súa venda e despacho efectuarase necesariamente no mesmo con prohibición absoluta de depositala fóra da superficie asignada ou de invadir superficies comúns ou doutros postos, nin modificar a delimitación física de cada posto.

3) Os mostradores e expositores axustaranse e cumprirán a normativa específica de aplicación, debendo manterse en perfecto estado de limpeza e pulcritude.

4) Cada posto disporá dun caldeiro ou recipiente de cor negra e de iguais características, rotulado en branco co número do posto no que se verterán os desperdicios propios do posto, e manterase tapado. Ó remate de cada xornada baleirase no contenedor xeral, lavarase e desinfectarase no caso dos carniceros.

5) As mercancías estarán perfectamente identificadas segundo establece a lexislación vixente. Os prezos estarán visibles e farán referencia á mercancía a que se refiren, evitando calqueira tipo de confusión ou regateo. Os pesos e

medidas estarán debidamente contrastados podendo o administrador realizar as comprobacións que considere oportunas en calquera momento.

Artigo 21.- REPARACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DOS POSTOS.

1) A conservación e reparación dos postos de venda correrá a cargo dos concesionarios. Cando por razón de hixiene ou decoro sexa necesario realizar reparacións, estas poderán imporse polo Concello, previo informe técnico no que se determine a súa necesidade e características.

2) Cando as obras realizadas polos concesionarios queden unidas de modo permanente ó piso, paredes e demais elementos integrantes do mercado pasarán a ser propiedade do Concello sen que os concesionarios teñan dereito a indemnización ningunha á finalización do prazo da concesión. Entenderase que as obras e instalacións están unidas de modo permanente cando non se poidan separar dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto ou deterioro deste.

3) O mobiliario, maquinaria, instalación e utillaxe a utilizar nos postos correrán a cargo dos concesionarios, axustándose ós modelos-tipo establecidos.

4) Os concesionarios de postos poderán executar pola súa conta, previa autorización do Concello, as obras necesarias para o axitado funcionamento do seu negocio sempre que non modifiquen a disposición actual dos postos nin alteren a estética predominante do mercado.

As obras de modernización e mellora no servizo que non se adapten á tipoloxía establecida, deberán xustificarse e as solucións propostas deberán someterse a audiencia da Asociación de Usuarios.

O Concello tamén poderá impor obras de conservación e mantemento ou executalas por si sen prexuízo de reclamar o seu importe ó concesionario.

5) Os concesionarios de postos, a requirimento da Administración municipal, deberán demoler, á súa costa, as obras executadas sen autorización municipal, e estarán obrigados a reparar os danos causados.

6) Os postos do novo Mercado da Avda. de Bos Aires axustaranse á tipoloxía establecida no proxecto técnico de Rehabilitación e Acondicionamento do Mercado que terán carácter obrigatorio para tódolos concesionarios, sen prexuízo das modificacións que se poidan realizar na mesma de acordo coa Asociación de Usuarios do Mercado. Nos outros mercados o Concello tamén poderá establecer modelos tipo, previa audiencia da Asociación de Usuarios do Mercado e dos titulares dos postos ós que terían que axustarse os postos de nova construción e os existentes cando cambien de titular.

CAPITULO V. CONCESIÓNS DE POSTOS.

Artigo 22.- NATUREZA XURÍDICA DAS CONCESIÓNS.

A utilización privativa dos postos de venda nos mercados

municipais de abastos precisa dun título habilitante por parte da Administración municipal que terá a consideración de concesión administrativa demanial.

Artigo 23.- TITULARES DAS CONCESIÓNS.

1) Só poderán ser titulares das concesións de postos as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española ou dalgún dos países da Comunidade Económica Europea con plena capacidade xurídica e solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

2) Os postos non poderán ser adxudicados conxuntamente a dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas e tampouco poderán ser titulares de postos as persoas físicas ou xurídicas comprendidas nalgún dos casos de prohibición de contratar establecidos na normativa sobre contratos das Administracións Públicas.

3) Cada concesionario non poderá ser titular, directa ou indirectamente, de máis de tres casetas ou de dez bancadas, non sendo aplicable esta limitación ós postos destinados a venda de comestibles. Esta disposición non afectará ós dereitos adquiridos con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento.

4) Non poderán optar á concesión administrativa de postos, ademais dos incursos por lei en prohibición de contratar coas administracións municipais, aquelas persoas ás que lles fora revocada ou anulada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves.

Artigo 24.- DURACIÓN DAS CONCESIÓNS.

1) A duración das concesións para a utilización privativa dos postos de venda nos Mercados municipais fíxase en 25 anos sen que poida superarse este prazo mediante prórroga de ningún tipo, subrogación ou transmisión do dereito de uso e disfrute.

2) Non obstante, os actuais concesionarios de postos de venda, no Mercado da Avda. de Bos Aires, que veñen usando e disfrutando as casetas e bancadas cunha autorización provisional, poderán optar por unha concesión administrativa dos mesmos por un período de 50 ou de 25 anos, previo pago dunha cantidade equivalente ó importe actualizado da taxa anual establecida para o financiamento da inversión realizada, multiplicada polos anos da concesión.

3) As concesións actuais con duración indefinida terán unha duración máxima de 50 anos contados a partir da entrada en vigor deste Regulamento.

Artigo 25.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DAS CONCESIÓNS.

1) A adxudicación das concesións para o uso e disfrute dos postos de venda nos mercados municipais axustarase ó procedemento establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e ó Regulamento de Servicios das Corporacións Locais no que resulte compatible coa citada Lei, respectando os dereitos recoñecidos neste Regulamento ós actuais adxudicatarios provisionais.

2) Se celebrado o concurso, quedasen sen adxudicar postos, estes poderán ser adxudicados mediante procedemento negociado conforme a lexislación básica en materia de contratación administrativa.

3) Na adxudicación de novas concesións, mediante concurso, terán dereito de tanteo e retracto os concesionarios con autorización provisional e os usuarios de postos lindantes co posto obxecto de licitación, cando teñan menos de 3 casetas ou 9 bancadas.

4) A Alcaldía poderá outorgar autorizacións provisionais de carácter revocable por períodos dun ano, prorrogables mediante resolución expresa, ata un máximo de catro anos mentres non se anuncia e resolve o procedemento de licitación para a súa adxudicación mediante concurso.

5) Os actuais concesionarios de postos que usan e disfrutan de casetas e bancadas no mercado da Avda. de Bos Aires amparados nunha concesión provisional terán dereito a transformala nunha concesión administrativa demanial con duración de 50 ou de 25 anos, previo pago dunha cantidade equivalente ó importe actualizado da taxa anual establecida para o financiamento da inversión realizada, multiplicada polos anos da concesión.

Artigo 26.- TRANSMISIBILIDADE DAS CONCESIÓNS.

1) Os titulares de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial poderán transferir libremente o seu uso e disfrute polo período que reste da concesión, previa autorización da Administración municipal e pago das taxas procedentes, sempre que o cedente acredite ter explotado o posto de venda, polo menos, durante a quinta parte do período da concesión, e que o adquirente reúna as condicións esixidas neste Regulamento para contratar coa admón municipal.

2) Os actuais concesionarios provisionais, que houberan optado pola transformación do seu dereito nunha concesión administrativa demanial a 50 ou 25 anos ó amparo deste Regulamento, tamén poderán transmitir libremente a concesión, nos termos establecidos no apartado anterior, computándose a tales efectos o tempo no que houbera explotado o posto con carácter provisional.

3) Os usuarios de postos de venda, con autorizacións ou concesións provisionais, non poderán transmitir, por actos inter vivos nin mortis causa, o uso e disfrute dos postos sendo nulo calquera acto neste senso, quedando automaticamente extinguida a concesión polo falecemento ou declaración da ausencia do seu titular provisional, a disolución da sociedade concesionaria, a perda das condicións que foran esixidas para a concesión, ou calquera outra causa bastante para a anulación ou revocación da concesión provisional.

4) Nembargantes o anterior, producida a extinción dunha

concesión provisional por falecemento do seu titular provisional (concesión provisional non transformada en definitiva por non exercicio da opción recoñecida neste Regulamento), os herdeiros forzosos do falecido poderán continuar na explotación dos postos, caseta, ou bancada, previa autorización municipal, ata tanto o Concello non proceda a adxudicación definitiva da concesión mediante concurso, o que deberá efectuarse polo Concello no prazo máximo de catro anos, tendo en conta o número de concesionarios provisionais existentes en cada momento.

Artigo 27.- CAUSAS DA EXTINCIÓN DAS CONCESIÓNS

1) Sen prexuízo do establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e noutras disposicións deste Regulamento, serán causas de resolución das concesións de postos, que determinarán a extinción das mesmas, as seguintes:

- a) A finalización do prazo orixinario da concesión.
- b) A renuncia do concesionario.
- c) O rescate da concesión pola administración municipal por razóns de interese público sobrevidas.
- d) O mutuo acordo entre a Administración municipal e o concesionario.
- e) O falecemento ou declaración de ausencia dos titulares de concesións provisionais.
- g) A disolución da sociedade titular de concesións provisional.
- h) A falta de pagamento das taxas municipais de tres mensualidades consecutivas ou cinco alternas no período dun ano.
- i) Ter sido sancionado o concesionario, mediante resolución firme, por infracción moi grave en materia sanitaria ou de disciplina do mercado.
- j) Pérdida das condicións esixidas ó titular para a adxudicación da concesión.
- k) A imposibilidade de explotación do servizo como consecuencia de medidas adoptadas pola administración municipal con posterioridade.
- l) O incumprimento de obrigacións esenciais do concesionario, tipificadas neste Regulamento como infracción moi grave.
- ll) A non ocupación e explotación do posto de venda permanecendo pechado durante un mes ininterrompido ou sesenta días alternos durante o período dun ano.

2) En casos de imposibilidade transitoria do concesionario para o exercicio da actividade propia do posto, principalmente por causa de enfermidade ou similares, debidamente xustificadas, a administración municipal poderá permitir o peche do posto a petición do titular cando non exista persoa dependente do concesionario que poida atender a súa explotación. Esta autorización deberá solicitarse cando o

peche supere os 15 días, e non exceda de dous meses, podendo prorrogarse o peche ata 4 meses en supostos excepcionais debidamente xustificados.

3) Para a resolución das concesións de postos de venda deberá tramitarse un procedemento previo, concedendo audiencia ós titulares das mesmas por un período de 15 días hábiles.

4) A extinción da concesión, mediante resolución motivada, non determina que o seu titular teña dereito a indemnización ningunha, excepto supostos enumerados nas letras c) (rescate), d) (mutuo acordo), k) (imposibilidade explotación imputable á administración municipal), descritos no apartado 1 deste artigo.

5) Cando se extinguiuse a concesión, calquera que fose a causa, os titulares deberán de abandonar e deixar libres e vacíos os postos e, de non facelo no prazo de quince días, a administración municipal acordará executar por sí o desafiuzamento en vía administrativa.

CAPÍTULO VI. NORMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE NOS MERCADOS.

Artigo 28. PROHIBICIÓNS.

Con carácter xeral establécense as seguintes normas para o desenvolvemento da actividade comercial nos mercados municipais de abastos:

1) Non se poden expender as mercadorías fóra dos postos de venda ou en postos distintos dos que lles corresponde.

2) Non se poderán utilizar recipientes ou medios de transporte que ocasionen deterioro ó pavimento do recinto.

3) Non se poderá vender a granel ou fraccionadamente cando esta venda este prohibida pola regulamentación técnico-sanitaria ou normas específicas.

4) Non se poderán utilizar papeis, periódicos, impresos, etc., para envolver os produtos. Non terá condición de papel impreso o que leve consignado o nome, enderezo do vendedor sobre unha cara que non vaia a estar en contacto co alimento sempre que estea autorizado pola inspección sanitaria.

5) Non se deben expor os produtos que regulamentariamente precisen de conservación por frío, agás en mobles frigoríficos axeitados en cada caso.

6) Non se pode tirar lixo ou residuos nas dependencias ou zonas de afluencia de público.

7) Non se poden almacenar produtos insalubres nin dispor de recipientes ou outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas.

CAPÍTULO VII.- DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS DE POSTOS.

Artigo 29.- DEREITOS.

1) Os titulares de postos de venda nos mercados municipais de abastos, mediante concesión demanial definitiva, terán dereito ó seu uso e disfrute e á transmisión da concesión por actos inter vivos ou mortis causa, utilizando os bens de

servicio público para o desenvolvemento das súas actividades, como son as cámaras frigoríficas comúns e a báscula de repeso.

2) Cando deba desocuparse algún mercado, por traslado das súas actividades a outro novo ou rehabilitado, os titulares de postos fixos daquel terán dereito a ocupar un posto da mesma clase no novo mercado e polo tempo que restase para a extinción da concesión orixinaria.

3) Os concesionarios con autorización provisional só terán dereito ó uso e disfrute do seu posto pero non á súa transmisión a favor de terceiros por actos inter vivos nin mortis causa.

Artigo 30.- OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS.

Os concesionarios de postos de venda nos mercados municipais terán as seguintes obrigas:

1) Satisfacer a contía das taxas ou dereitos pola utilización dos postos na forma e prazos de ingreso establecidos na respectiva ordenanza fiscal.

2) Manter en perfecto estado de limpeza e aseo o propio posto e os útiles necesarios para o desenvolvemento da actividade, así como a parte do corredor lindante co mesmo, na totalidade da súa anchura.

3) Exercer a actividade comercial con carácter permanente abrindo e pechando o posto segundo o horario establecido para o mercado.

4) Vestir correcta e aseadamente a indumentaria apropiada, utilizando as prendas de uso acordadas para os usuarios esixindo o seu cumprimento ós seus colaboradores. Será obrigatoria a utilización de prenda de uniforme para as persoas vendedoras de produtos alimenticios e dos seus derivados, e as súas características estableceranse pola Administración municipal dacordo coa Asociación de usuarios.

5) Recoller, nos recipientes propios establecidos, os desperdicios e obxectos inservibles que resulten das súas operacións e depositalos nos lugares e nas horas indicados para elo. Estes contenedores deberán estar rotulados co número do posto ó que pertencen.

6) Ter á disposición dos compradores a totalidade das existencias á venda con indicación do seu prezo e calidade.

7) Dispor dos instrumentos de pesar e medir necesarios, que deberán axustarse ós modelos oficialmente homologados.

8) Cumprir a normativa que sexa de aplicación en materia de sanidade, alimentación, abastos, comercio, policía, fiscal, laboral e mercantil.

9) Estar en posesión do correspondente documento de identificación, e, no seu caso, do carné de manipulador de alimentos.

10) Non executar obras nin colocar rótulos sen a preceptiva autorización municipal.

11) Absterse de colocar xéneros, mostras e outros obxectos no chan, nas fachadas ou na cuberta dos postos, nin sequera

con carácter temporal.

12) Non estacionarse fóra dos postos, non vocear a natureza ou prezo da mercancía.

13) Exhibir ó administrador do mercado, inspección veterinaria, vixiantes do mercado e, se é o caso, policía local, cantos productos teñan á venda sen que poidan opoñerse ó recoñecemento das mesmas.

14) Ter a disposición da administración do mercado toda a documentación relativa ó posto e ás persoas que realizan a súa actividade nel, facilitándolle os datos e comprobacións requiridos, tales como o documento que acredite a concesión, documento de identificación, carné de manipulador de alimentos, alta no imposto de actividades económicas e alta dos traballadores na Seguridade Social.

15) Gardar en todo momento absoluta corrección co público e co persoal municipal adscrito ó Servicio.

16) Ter dado de alta na Seguridade Social a tódolos traballadores que atendan ó posto e estar ó corrente das obrigas fiscais co Concello así como cumprir cantas outras obrigas resulten deste Regulamento e demais disposicións de obrigado cumprimento en materia de sanidade, alimentación, comercio e policía.

CAPÍTULO VIII. OBRIGAS E POTESTADES DO CONCELLO.

Artigo 31. OBRIGAS.

O Concello de Pontevedra, como xestor directo do servicio de mercados de abastos, terá as seguintes obrigas:

1) Velar polo coidado, limpeza, conservación, mantemento, acondicionamento e vixilancia das instalacións dos mercados municipais, non permitindo a venda por persoas non autorizadas nin de especies ou productos prohibidos.

2) Ocuparse da apertura e axeitado funcionamento das instalacións segundo o establecido neste regulamento.

3) Levar un rexistro axeitado das concesións outorgadas, no que, polo menos, constarán a data de concesión, o nome do seu titular, o prazo da concesión, a actividade do posto, e as subrogacións e as transmisións.

4) Realizar cantas actuacións resulten necesarias para garantir a adecuación das instalacións ós requisitos esixidos na normativa aplicable, así como desenvolver o servicio con suxeición á mesma.

5) Asemade velará polo adecuado cumprimento dos horarios, do funcionamento das cámaras frigoríficas e básculas de repeso.

6) Levar o libro de reclamacións e suxestións, baixo a dirección do administrador dos mercados.

7) Prestar os servicios de mercado de abastos con continuidade garantindo ós concesionarios o uso e disfrute dos postos nas condicións establecidas na concesión.

8) Cuidar da boa orde no servicio dictando as instrucións pertinentes, con respecto ó principio de non discriminación.

Artigo 32. POTESADES DO CONCELLO.

1) A Administración municipal ostenta os poderes de policía necesarios para asegurar o correcto funcionamento dos servizos dos mercados municipais, tales como:

a) Esixir a observancia das normas relativas ó desenvolvemento do servizo por parte dos concesionarios dos postos e dos consumidores e usuarios adoptando as medidas procedentes.

b) Impoñer as sancións pola comisión de infraccións de conformidade co establecido neste regulamento e normativa específica aplicable.

c) Esixir o pagamento das taxas e demais ingresos de dereito público ós concesionarios dos postos de venda, de conformidade coa respectiva ordenanza fiscal.

d) Ordear e executar o desaloxo dos postos que deban quedar libres e vacantes en aplicación dos disposto neste regulamento.

2) As precedentes medidas poderán facerse efectivas por mediación do administrador do mercado ou a través dos medios previstos na Lei 30/92 para a executoriedade dos actos administrativos e no Real decreto 1372/1986, para a protección e defensa dos bens das entidades locais, incluíndo a vía de constrinximento e o desafiuamento administrativo.

CAPÍTULO IX. DEREITOS E DEBERES DOS CONSUMIDORES E USUARIOS.

Artigo 33. DEREITOS.

A prestación dos servizos, nos mercados municipais, ós consumidores e usuarios efectuarase de conformidade cos principios constitucionais de igualdade e non discriminación, tendo preferencia as persoas que na orde temporal, primeiro soliciten os servizos.

Os consumidores e usuarios terán os seguintes dereitos:

1) Ter acceso ós servizos en condicións básicas de igualdade.

2) Utilizar as instalacións do mercado de conformidade co disposto neste regulamento e normativa de obrigado cumprimento.

3) Solicitar da administración municipal o correcto funcionamento das instalacións, denunciando, no seu caso, as irregularidades observadas.

4) Ser informados das normas do funcionamento do mercado.

5) Ter a garantía de que os servizos se prestan con continuidade.

6) Os demais dereitos recoñecidos por este regulamento e normativa de obrigada aplicación.

Artigo 34. DEBERES DOS CONSUMIDORES E USUARIOS.

1) Utilizar as instalacións do mercado dacordo coa súa natureza e destino.

2) Acatar as instrucións da administración municipal dictadas en cumprimento deste regulamento e normas de obrigada cumprimentación.

3) Non tocar nin manosear as mercadorías expostas ó público cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorables.

4) Responder dos danos ocasionados ás instalacións cando medie dolo ou culpa do consumidor.

5) Os demais deberes que impoña ós consumidores e usuarios, a normativa de obrigada cumprimentación.

CAPÍTULO X. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DOS MERCADOS MUNICIPAIS.

Artigo 35. XESTIÓN DOS MERCADOS.

1) A xestión do servizo de Mercados Municipais de Abastos realizarase pola propia Administración municipal de forma directa, sen órgano especial de xestión con facultades resolutorias, sen prexuízo de que o Pleno da Corporación poida acordar outra forma de xestión directa ou indirecta nalgunha das modalidades previstas na lexislación vixente.

2) Correspóndelle á Alcaldía a dirección, inspección e impulsión dos Mercados municipais de Abastos quen poderá delegar as súas atribucións nun membro da Corporación.

3) As funcións propias da Administración dos Mercados Municipais serán desempeñadas por un administrador, que non terá facultades resolutorias, debendo estar incluído este posto na Relación de Postos de Traballo do Persoal do Concello ben como funcionario ben como traballador laboral.

Artigo 36.- FUNCIONES DO ADMINISTRADOR.

Son funcións do Administrador dos Mercados Municipais de Abastos:

1) Velar polo bo orden, policía e limpeza do Mercado e o adecuado uso das instalacións.

2) Vixiar a actividade mercantil que se realiza nos Mercados coa finalidade de que discorra por cauces legais dando conta a autoridade competente de cantas anomalías observe.

3) Inspeccionar os postos e instalacións do mercado velando para que a súa actividade se axuste ó establecido neste Regulamento. Na súa función inspectora poderá esixir ós concesionarios canta documentación sexa de interese referida a explotación do posto.

4) Dirixir ó persoal afecto ós mercados pola Administración municipal.

5) Velar pola conservación e mantemento dos edificios e as súas instalacións, solicitando, se é o caso, a intervención dos servizos técnicos municipais e brigadas de obras.

6) Inspeccionar os instrumentos de peso e coidar do servizo de repeso.

7) Velar porque non se realicen prácticas ilícitas nin venda ambulante no interior e no exterior circundante ós mercados.

8) Levar a documentación dos mercados, o control e saída de documentos, e a cobranza de recibos ós concesionarios.

9) Practicar as notificacións ós titulares dos postos e á

Asociación de Usuarios e manter informada a Alcaldía ou delegación do servizo de cantos asuntos relevantes afecten ó funcionamento dos Mercados.

10) Denunciar as infraccións do Regulamento que poidan cometer os concesionarios e emitir os informes que lle foran solicitados pola Alcaldía.

11) Atender as queixas e reclamacións do público e titulares dos postos e resolvelas ou transmitir as en cada caso a quen corresponda.

12) Formular propostas para a mellora do servizo nos mercados municipais.

13) Colaborar coa Inspección Veterinaria e, se é o caso, coa inspección da Consellería de Pesca, ás que lles prestará o apoio que reclamen.

14) Colaborar coa Asociación de Usuarios informándoa das incidencias que afecten ó funcionamento do Mercado e recollendo as súas suxerencias para a mellora do mesmo.

15) Cantas outras funcións se deriven da aplicación deste Regulamento ou lle foran encomendadas pola Alcaldía ou concelleiro delegado do Servizo.

CAPITULO XI. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 37.- INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS

1) Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as disposicións contidas neste Regulamento, e que se atopen tipificadas como tales no mesmo.

2) As infraccións poden ser leves, graves e moi graves.

3) Os concesionarios dos postos de venda do Mercado serán responsables por si mesmos das faltas que cometan contra as disposicións deste Regulamento e demais normativa de obrigada aplicación en materia sanitaria e de alimentación, tanto polo incumprimento das súas obrigas fronte a administración municipal, a Administración Autonómica ou respecto de terceiros ou consumidores e usuarios.

Artigo 38.- FALTAS LEVES.

Clasifícanse como faltas leves as seguintes:

1) Non utilizar o uniforme e incumplir as normas de aseo persoal por parte dos concesionarios ou dos seus colaboradores.

2) A omisión da necesaria limpeza nos postos e locais do mercado así como nas zonas comúns.

3) A falta de decoro e de respecto ante os clientes, outros usuarios e persoal da administración do mercado.

4) A utilización de zonas comúns ou adxacentes do mercado con mercancías propias ou desperdicios, lixo ou residuos.

5) O transporte de mercancías no horario de vendas.

6) O incumprimento do horario establecido en canto á venda e á saída e entrada no Mercado.

7) Colocación das básculas de peso de forma que o peso non resulte visible para os compradores.

8) Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio,

instalacións e postos cando o seu valor sexa inferior a 2.000 euros.

9) A incorrección e violencia verbal co público e persoal da administración.

10) Todas aquelas infraccións do presente Regulamento que non estivesen cualificadas como graves ou moi graves.

Artigo 39.- FALTAS GRAVES.

Constitúen faltas graves:

1) A comisión de tres faltas leves no período de 12 meses sancionadas mediante resolución firme en vía administrativa.

2) Promover altercados que afecten ó bo orden do mercado.

3) Non atender ós requirimentos do Administrador do Mercado.

4) As defraudacións na cantidade ou na calidade dos produtos vendidos.

5) Non ter debidamente sinalizada a mercancía con indicación do seu prezo e calidade.

6) Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio, instalacións e postos por valor superior a 2.000 euros e inferior a 6.000 euros.

7) A venda de artigos de especie distinta á autorizada polo Concello.

8) As infraccións sobre disciplina do Mercado que só impliquen descoido ou negligencia.

9) As infraccións da regulamentación sanitaria que só impliquen descoido ou negligencia.

10) Empregar ou auxiliarse de colaboradores para atender ó posto sen cumprir a normativa laboral.

Artigo 40.- FALTAS MOI GRAVES.

Constitúen faltas moi graves:

1) A comisión de tres faltas graves no período de 12 meses sancionadas mediante resolución firme en vía administrativa.

2) A modificación da estrutura dos postos de venda sen autorización municipal.

3) A cesión non autorizada da concesión do posto.

4) Destinar o posto de venda a actividade comercial diferente da autorizada na concesión.

5) Ocasionar danos ó edificio, instalacións e postos por valor superior a 6.000 euros.

6) A obstrución reiterada ó exercicio das funcións de inspección sanitaria.

7) Comisión de roubos e furtos dentro do mercado, penados mediante sentenza firme.

8) Actos de coacción, ameazas e suborno ó persoal da administración do Mercado e da Inspección Sanitaria.

9) Incumprimento da normativa hixiénica-sanitaria, alimenticia que supoñan perigo para a saúde pública.

10) Non estar atendido o posto polo concesionario ou persoal asalariado polo mesmo.

Artigo 41.- SANCIÓN S.

1) As faltas tipificadas neste Regulamento sancionaranse coa imposición de multas na contía que se especifica neste artigo sen prexuízo da indemnización esixible polos danos causados ó Concello.

2) As faltas leves sancionaranse con apercibimento ou multa entre 30 e 100 euros, as graves con multa desde 101 a 300 euros, ou suspensión da actividade do posto ata 15 días, AS MOI GRAVES CON MULTA ENTRE 300 e 900 euros (150.000 ptas.) ou coa suspensión da venda no posto ata 30 días ou rescisión da concesión do posto.

3) As infraccións tipificadas na normativa estatal ou autonómica por vulneración das disposicións con rango de lei en materia sanitaria, de alimentación e de comercio serán sancionados na contía que estableza a normativa específica cando esta atribución corresponda ó Alcalde.

Artigo 42.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

1) As faltas tipificadas neste Regulamento e que teñan a consideración de incumprimentos contractuais para a súa sanción non precisan da tramitación dun procedemento sancionador sendo bastante para resolver a denuncia da infracción, a incoación do procedemento e a audiencia previa ó concesionario.

2) A imposición de sancións polos restantes motivos esixirá a tramitación previa dun procedemento sancionado que deberá acomodarse ó regulado no Real Decreto 1398/1993 polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. Estes expedientes instruiranse pola Consellería delegada competente e resolveranse polo Alcalde.

3) A rescisión da concesión por incumprimentos contractuais contidos no título da concesión, será acordado pola Alcaldía e previo informe do Administrador do Mercado e con audiencia do concesionario do posto, e da Asociación de Usuarios do Mercado.

4) Cando deba procederse ó desaloxo dun posto por rescisión da concesión outorgarase ó usuario un prazo de 10 días para que poida retirar as mercancías e enseres da súa propiedade. Se o concesionario non o realizase neste prazo, farao o Concello a costa do usuario, sen que teña dereito a ningunha indemnización polos deterioros que sufran no traslado ou no período en que estivesen depositados.

CAPÍTULO XII.- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DA LONXA OU CENTRO DE PRIMEIRA VENDA DE PRODUCTOS PESQUEIROS.

Artigo 43. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Este capítulo será de aplicación a tódolos vendedores, subhastadores e compradores que desenvolvan a súa actividade na área destinada a lonxa no mercado municipal de abastos da Avda. de Bos Aires.

Artigo 44. DO HORARIO E DÍAS DA SUBHASTA.

1) A venda realizarase de martes a sábado, agás aqueles días declarados non laborables en todo o territorio nacional,

da Comunidade Autónoma ou no ámbito municipal, así como aqueles días declarados festividade do sector.

2) O horario deste centro de primeira venda será de seis e media a dez horas subhastándose as especies procedentes dos distintos sectores nas seguintes horas: de sete a dez.

En todo caso, dito horario deberá ser aprobado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

3) Establecerase un horario para a recollida do peixe ou marisco no centro de primeira venda, quedando terminantemente prohibido levar as especies ó centro de venda cando resten trinta minutos para comezar a poxa, exceptuándose nos casos de forza maior.

4) O centro de primeira venda permanecerá pechado para a actividade comercial fóra dos horarios determinados previamente te ou ó rematar a última poxa.

5) O Concello, como entidade xestora, poderá, en casos excepcionais, modificar o horario da poxa, comunicando dita modificación á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Artigo 45. DA POXA.

1) A poxa realizarase por rigoroso turno ou quenda de chegada ó centro de primeira venda das especies a subhastar.

2) A poxa realizarase á baixa e antes do seu comezo expoñeranse a totalidade das especies no lugar destinado para o tal efecto ou no caso de non precisar que a mesma estea exposta se dará publicidade do que se pretende subhastar cunha antelación mínima dunha hora.

3) O Concello poderá establecer outros sistemas de comercialización dos produtos do centro de primeira venda, sempre e cando estes estean autorizados previamente pola Consellería de pesca.

4) Unha vez que as especies a subhastar entren no patio de subhasta, o Concello faise responsable de que tódalas especies cumpren a normativa, sendo así mesmo responsable ante o vendedor e ata a súa adxudicación dos lotes depositados.

5) Non se permitirá nin a comercialización das especies de tamaño e peso inferior ó regulamentario, nin daquelas especies que se atopen en veda ou con prohibición expresa de extracción por motivos de saúde pública.

6) A Administración municipal poderá retirar aquelas especies que estime que non son aptas para a súa comercialización, dando conta ós propietarios de ditas especies e, se é necesario, aplicaranse ás normas que sexan precisas para cumprir a lexislación vixente en materia de comercialización e sanidade pública e daralle conta á Administración competente para os efectos oportunos. Neste caso enténdese autorizada a Administración municipal para reter esa especie ata que se persoen os axentes de inspección pesqueira ou o persoal da administración sanitaria competente.

7) Dentro da zona de poxa só se permitirá a presenza de compradores e persoal autorizado polo Concello, debidamente

identificados.

8) Unha vez expostas as especies, estas non poderán ser manipuladas, tocadas ou examinadas por ningún dos posibles compradores, podendo realizar esta función única e exclusivamente o persoal do centro de primeira venda.

Artigo 46. DAS OBRIGAS DOS VENDEDORES.

1) Solo poderán vender os produtos da pesca (peixe ou marisco) en fresco as persoas físicas ou xurídicas que teñan en vigor o oportuno permiso de explotación. Asemade, tódolos vendedores deberán dispoñer da guía de descarga ou documento correspondente.

2) O marisco ou peixe que se venda neste centro de primeira venda deberá estar clasificado conforme a Regulamentación Comunitaria en materia de calidade, frescura e tamaño vixente.

3) Os propietarios das especies vendidas neste centro de primeira venda están obrigados a aboar tódalas tarifas, taxas e impostos que graven esta actividade económica, os que se farán constar na factura emitida polo subhastador.

4) O Concello de Pontevedra velará porque se retorne o 1% das vendas efectuadas no mercado de abastos á confraría na que estea integrado o armador, mariñeiro ou mariscador que venda o seu produto nese mercado, para dar debido cumprimento ó artigo 48.2 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.

5) Os vendedores deberán respectar os topes de captura acordados. No caso de exceso de tope, este será devolto ó mar no caso do marisqueo, e noutros casos será entregado a institucións benéficas. Nestes casos o propietario da especie xunto con dúas persoas máis designadas polo Concello realizarán tal encomenda, levantándose acta da mesma, da que se lle dará unha copia a tódolos implicados.

6) Deberán acreditar ou pasar polos puntos de control e de pesaxe das capturas indicados polo persoal do centro de primeira venda, respectando os turnos e horarios establecidos.

7) Respectar as instrucións dadas polo persoal do centro de primeira venda, colaborando ó desenvolvemento da súa función.

8) Facilitar ó persoal do centro de primeira venda a documentación que acredite a súa condición cando sexa requirido para elo.

Artigo 47. DEREITOS DOS VENDEDORES.

1) Os subhastadores, no momento de recibir a mercadoría, emitirán un albarán ó vendedor e que terá que conter necesariamente os seguintes datos:

- a) Identificación do subhastador.
- b) Identificación do produtor ou embarcación.
- c) Identificación das capturas e cantidade de quilos.
- d) Data.

2) O vendedor terá dereito a ser informado dos prezos re-

sultantes da subhasta, mediante a publicación diaria no taboleiro de anuncios do centro de primeira venda do día da subhasta das vendas.

3) O vendedor terá dereito a percibir no día acordado có subhastador, xa sexa semanal, quincenal ou mensualmente, o importe das vendas efectuadas, mediante o adeudo en conta ou ó contado.

4) O vendedor terá dereito a que o subhastador lle expida unha factura de venda polos productos vendidos.

5) O vendedor terá dereito a coñecer cunha antelación de 72 horas os cambios no horario de subhasta, sistema de subhasta, modalidade de cobro, apertura e peche do centro de primeira venda así como calquera outra modificación ou alteración no seu funcionamento ou dos seus servicios.

Artigo 48. DOS SUBHASTADORES.

1) Terán a condición de subhastadores as persoas físicas ou xurídicas ás que se lle outorgue a explotación do servicio de subhasta. Transitoriamente recoñécese a condición de subhastadores ós que tradicionalmente veñen desenvolvendo esta actividade. A condición de subhastadores é persoal é intransferible.

2) Os subhastadores deberán prestar un aval que asegure a correcta execución das súas obrigas.

3) O Concello esixirá diariamente unha copia dos albaráns e facturas emitidas polos subhastadores autorizados, nas que se deberá indicar necesariamente lugar de procedencia de venda do produto, nome ou denominación social do vendedor anterior, nome ou denominación social do comprador, especies e peso en quilos de cada unha, o nome do comprador e destino da pesca e asinatura do comprador e vendedor, debendo éstas estar numeradas correlativamente. Destes albaráns e facturas remitirá copia diaria á Consellería de Pesca.

4) Os subhastadores ingresarán no Concello de Pontevedra, o 1% das vendas efectuadas no mercado de abastos, que deberá quedar reflectido na factura. O Concello retornarao á confraría na que estea integrado o armador, mariñeiro ou mariscador que venda o seu produto nese mercado, nos termos do artigo artigo 48.2 do Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións.

5) Consonte ó artigo 8º.3 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación de servicios nos Mercados Municipais, os subhastadores estarán obrigados ó pagamento do 2% do precio de adjudicación, IVE excluído, en concepto de taxa pola utilización dos recintos destinados a primeira venda de marisco e pescado fresco e actividades administrativas anexas.

Artigo 49. De tódalas vendas realizadas, deberá expedirse unha nota de venda, na que obrigatoriamente deberá constar:

- Para tódalas especies, o tramaño ou peso dos exemplares, a clase, presentación, calidade e frescura.

- O prezo e cantidade na primeira venda para cada especie e, se procede, en relación co tamaño ou peso dos exemplares, a clase, presentación, calidade e frescura.

- Productos retirados da subhasta, especificando especie, cantidade, calidade, frescura e presentación.

- Nome do comprador ou, no seu caso, intermediario, e do vendedor, con indicación expresa do seu D.N.I. ou C.I.F.

- Lugar e data da venda.

- Identificación do buque que capturou o produto a subhastar ou do mariscador, con indicación do número do permiso de explotación.

- Nome do armador ou do capitán do buque.

- Porto de orixe e data de desembarque.

- Número da guía de descarga ou documento de transporte, e identificación do transportista.

Artigo 50. DOS COMPRADORES.

1) Terán a consideración de compradores de produtos frescos da pesca (peixe e marisco) neste centro de primeira venda:

a) Os vendedores por xunto de peixe ou marisco fresco, sexan persoas físicas ou xurídicas, que teñan tódalas licencias e permisos precisos para o desenvolvemento desta actividade.

b) Os comerciantes detallistas de peixe ou marisco da localidade onde radique o porto no que se efectúa a venda.

c) Os industriais que se dediquen a calquera tipo de transformación de peixe ou marisco en fresco.

d) Os armadores, respecto das partidas da súa propia pesca sobre a que realicen directamente a venda e expedición.

e) Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, os particulares poderán adquirir directamente, neste centro de primeira venda, ata unha cantidade non superior a tres quilogramos de produto.

2) Crearase un rexistro de compradores autorizados para participar na primeira venda, debendo comprobar que se atopen dentro dos catro colectivos contemplados no artigo 14 Decreto 419/1993, prohibindo a compra ós particulares en cantidade superior ós tres quilos de produto.

Artigo 51. DOS DEREITOS DOS COMPRADORES.

Os compradores teñen dereito a:

a) Inspeccionar os produtos que se subhastarán cunha antelación mínima de trinta minutos, sen manipular o mesmo, podendo solicitar ó persoal do centro de primeira venda que lle facilite a comprobación visual en canto ó seu estado de calidade.

b) Que se lles faciliten tódolos medios materiais para participar da poxa en condicións de igualdade cos demais compradores, sen prexuízo do pago establecido polo uso deses medios.

c) Unha vez rematada a poxa ou a súa participación na mesma, teñen dereito a que se lle faga entrega do correspondente

albarán, factura que acompañe á mercadoría ou fotocopia compulsada destas. Unha vez abandonado ó centro de primeira venda, non se admitirá reclamación ningunha sobre a adquisición da mercadoría.

Artigo 52. DOS DEBERES DOS COMPRADORES.

Os compradores deste centro de primeira venda estarán obrigados a colaborar co persoal ó seu servicio e obedecerán as instrucións do mesmo durante ó desenvolvemento da subhasta.

Artigo 53. PAGO DOS COMPRADORES.

Os compradores deste centro de primeira venda están obrigados a pagar a mercadoría adquirida, da seguinte forma:

- a) Pago ó contado.
- b) Talón conformado.
- c) Domiciliación bancaria.

Artigo 54. COBRO DOS VENDEDORES.

1) Os produtores ou vendedores deste centro de primeira venda cobrarán os sábados de cada semana as vendas efectuadas ata o sábado de dita semana.

2) Os vendedores cobrarán ó contado, por medio de transferencia bancaria, ou por calquera dos mecanismos de pago en que deixen constancia do aboamento da cantidade obtida da poxa.

Artigo 55. DIARIO DE VENDAS.

As vendas estarán rexistradas nun diario no que se farán constar os seguintes datos:

- a) Data.
- b) Número de lote da mercadoría.
- c) Identificación do produtor ou vendedor.
- d) Número de código do produtor ou vendedor.
- e) Código da especie e peso en quilos de cada unha delas.
- f) Identificación e código do comprador.

O contido de dito libro estará a disposición dos servicios de inspección pesqueira das distintas administracións competentes, sen que ningún comprador ou vendedor se poida negar ou impedir o acceso ós datos contidos do mesmo.

Artigo 56. DA COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE VENDAS.

A comisión de vendas estará composta por tres membros:

- a) Un funcionario dos asignados ó mercado de abastos, designado polo Concello.
- b) Un representante dos vendedores.
- c) Un representante dos compradores.

2.- Os representantes de cada un dos sectores indicados, serán elixidos por e de entre os seus membros.

Artigo 57. DAS FUNCIÓNS DA COMISIÓN DE VENDAS.

Son funcións da comisión de vendas:

a) Propoñer as reformas das presentes ordes, que consideren necesarias para garantir o bo funcionamento do centro de primeira venda.

b) Dirimir os conflitos xurdidos entre vendedores, com-

pradores e a entidade xestora, como consecuencia da compra e venda no centro de primeira venda.

c) Aplicar as presentes ordes e aclarar calquera dúbida xurdida na súa aplicación.

Emitir un informe anual, nos tres primeiros meses do ano seguinte, sobre o resultado da explotación do centro de primeira venda que será exposto por un período de quince días no taboleiro de anuncios deste centro.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- HORARIO DOS MERCADOS MUNICIPAIS.

O horario de apertura e peche dos Mercados municipais será o seguinte:

a) Nos postos interiores o que, unha vez oídas as asociacións de usuarios, estableza a administración municipal respectando o establecido na lexislación vixente sobre horarios comerciais. Se as características de cada Mercado o permiten e resulta viable economicamente os mercados poderán abrir polas tardes no horario que determine a administración municipal.

b) Nos postos exteriores e nos Mercados de Frei Juan de Navarrete, o horario de apertura e peche será o establecido con carácter xeral pola lexislación vixente en materia de horarios comerciais, para o exercicio desta actividade.

c) Durante as horas de venda ó público non se poderán transportar mercadorías en carretillas polos corredores, ocupalos con envases ou outros obxectos ou estacionarse os concesionarios e dependentes de forma que impidan ou dificulten o tránsito público.

d) A administración municipal, oídos os concesionarios e a Asociación de Usuarios, poderá autorizar a entrada dos titulares no mercado fóra das horas de venda para o despece de canles, preparación e retirada de xénero e acondicionamento do posto.

SEGUNDA.- HORARIO DE DESCARGA.

1) A descarga de mercadorías con destino ós postos interiores dos mercados realizarase pola mañá entre as 6 horas e as 9 horas, e pola tarde entre as 16 horas e as 20 horas. A Administración municipal establecerá as normas de acceso das mercadorías ós respectivos mercados, podendo modificar o horario establecido neste Regulamento, previa audiencia das Asociacións de Usuarios do Mercado.

2) A entrada de carnes realizarase baixo a vixilancia do Administrador ou da Inspección veterinaria esixíndose certificado de sanidade ou selo de matadoiro autorizado. De non posuír o anterior estarase ó que determine a inspección veterinaria.

TERCEIRA.- HORARIO DE FUNCIONAMENTO DAS CÁMARAS PARA ENTRADA E SAÍDA DE MERCANCÍAS E PARA BALEIRADO DE CÁMARAS FRIGORÍFICAS.

1) Os usuarios dos mercados respectarán o horario de

funcionamento das cámaras para entrada e saída de mercancías fixado pola Administración dos Mercados.

2) Coa finalidade de realizar a limpeza das cámaras frigoríficas xerais, estas deberán quedar baleiras nos seguintes días e horas:

a) As cámaras de pescado: tódolos días a partir das 14,30 horas.

b) As cámaras de carnes: o último luns de cada mes a partir das 14 horas.

CUARTA.- HORARIO DO VERTIDO EN CONTENEDORES XERAIS.

Os concesionarios de cada posto verterán os seus contenedores particulares ou caldeiros nos contenedores xerais, exclusivamente, entre as 13 e 14,30 horas da xornada da mañá e desde as 20 ás 21 horas en xornada de tarde.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.

PRIMEIRA.- RECOÑECEMENTO DE DEREITOS ADQUIRIDOS.

A Administración municipal, a través deste regulamento, reconece expresamente ós actuais concesionarios provisionais de venda do mercado da Avda. de Bos Aires, o dereito a poder optar pola transformación da súa titularidade provisional por unha concesión administrativa cunha duración de 50 ou de 25 anos nos termos establecidos neste regulamento, tendo en conta a antigüidade dos seus usuarios, e que a súa explotación continuada converteuse no medio indispensable para a sustentación das familias dos usuarios provisionais.

SEGUNDA.- CONDICIÓN PARA O EXERCICIO DA OPCIÓN DE TRANSFORMACIÓN DAS ACTUAIS CONCESIÓN PROVISIONAIS.

1) As solicitudes para transformar unha autorización provisional en concesión administrativa deberán presentarse no Rexistro Xeral dentro do prazo de 30 días hábiles contados a partir da entrada en vigor deste regulamento. Este prazo será único e irrepetible.

2) As novas concesións, efectuadas por transformación das autorizacións provisionais, terán unha duración de 50 ou de 25 anos, e os seus titulares terán os deberes e dereitos reconecidos neste regulamento ós titulares das concesións, entre eles, o de transmisión inter vivos e mortis causa.

3) O dereito á opción de transformación queda condicionado ó previo pago anticipado dunha cantidade equivalente ó importe actualizado da taxa anual establecida para o financiamento da inversión realizada, multiplicada polos anos da concesión, fixado na respectiva ordenanza fiscal.

4) O pago anticipado da taxa correspondente ó período da concesión efectuarase en dous prazos: o 20% no intre de proceder a súa solicitude e o 80% restante, 30 días antes do traslado ó novo posto adxudicado no mercado da Avda. de Bos Aires. Quen non faga efectivo o segundo prazo entenderase que renuncia á concesión e perderá a cantidade ingresada inicialmente por entender que a mesma tamén garante a seriedade da solicitude.

5) Aqueles usuarios con autorización provisional, que houberen optado por unha concesión administrativa a 50 ou 25 anos e que fixeran efectivo o pago anticipado da taxa establecida polo concepto de investimento da inversión realizada, só aboarán o concepto da taxa por gastos de funcionamento do servizo público de mercados nos termos establecidos na respectiva ordenanza fiscal.

6) Os concesionarios provisionais deberán acreditar o uso e disfrute do posto que veñen explotando, mediante copia autenticada da autorización provisional, ou ben mediante informe do administrador do mercado, que demostre a explotación directa e exclusiva polo solicitante, especificando a súa duración, computándose o período de concesión provisional a efectos de transmisión da nova concesión obtida por transformación.

7) Os concesionarios provisionais actuais que non optasen pola transformación, poderán continuar usando e disfrutando os postos, con carácter provisional, en tanto non se adxudiquen de forma definitiva, previa solicitude a presentar no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo único e improrrogable de 30 días hábiles contados a partir da entrada en vigor deste regulamento, seguindo os trámites establecidos neste regulamento. En ningún caso poderán transmitir o seu dereito, amparado na concesión provisional, por actos inter vivos e mortis causa.

8) Nembargantes o anterior, producida a extinción dunha concesión provisional por falecemento do seu titular provisional (concesión provisional non transformada en definitiva por non exercicio da opción recoñecida neste Regulamento), os herdeiros forzosos do falecido poderán continuar na explotación dos postos, caseta, ou bancada, previa autorización municipal, ata tanto o Concello non proceda a adxudicación definitiva da concesión mediante concurso, o que deberá efectuarse polo Concello no prazo máximo de catro anos, tendo en conta o número de concesionarios provisionais existentes en cada momento.

TERCEIRA.- MERCADO PROVISIONAL DA XUNQUEIRA.

As disposicións deste regulamento tamén serán aplicables á organización e funcionamento das instalacións provisionais do mercado da Xunqueira en tanto resulten compatibles coas características e finalidade, e en tanto non se proceda á reapertura do mercado da Avda. de Bos Aires, unha vez rehabilitado e acondicionado, garantíndose o retorno dos actuais concesionarios nos termos establecidos neste regulamento e na ordenanza fiscal reguladora das taxas.

DISPOSICIÓN FINAL

VIXENCIA.- Este Regulamento aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia sempre e cando transcurra o prazo sinalado, no artigo 65.2 da Lei

7/1985, de 2 de abril, por remisión do artigo 70.2 da devandita Lei.